

## Ven 2 | Caamaño & Ameixeiras

Praza do Concello | 22.30

### Quitar o aire

O grupo Caamaño & Ameixeiras son unha das formacións máis relevantes da música tradicional galega, que presentará o seu último traballo *Quitar o aire*. Recén galardoada co Premio Martín Códax da Música na categoría de folk, Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras poñen en valor a música e o baile de raíz galega cos sons máis contemporáneos e polo seu tratamento íntimo e profundo da tradición popular galega.




Colabora  Deputación DA CORUÑA

## Ven 16 | Matria | \* CINE

Praza do Concello  
22.30

No Xardín Municipal proxectarase unha das películas máis galardoada do cine galego no último ano: *Matria*. Protagonizada pola actriz galega, María Vázquez, nominada ao Goya e premiada como mellor actriz no Festival de Málaga, conta a historia dun heroína anónima, Ramona, que vive nun contexto laboral e persoal tenso e precario cheo de dificultades.



## Xov 22 | Budiño

Praza do Concello | 21.00

### Branca Vela

O compositor galego, Budiño regresa a Carballo cun espectáculo en directo no que mistura o seu virtuosismo musical, cunha banda de novos talentos e algunha das mellores voces deste país. *Branca Vela* é a combinación de ritmos, sons, instrumentos e percusións tradicionais coa vangarda electrónica, que fan deste espectáculo unha oportunidade única para ver a un dos artistas galegos máis representativos da música de raíz de Galicia.



## Ven 9 | Banda Xangai

Praza do Concello  
22.30

### Orquestra Bravú

A música Bravú chega cunha das bandas de metal galego máis recoñecidas, a Banda Xangai. De vocación extremadamente festiva, os directos están cheos de referencias a músicas que nos farán bailar, unha viaxe que vai desde a muiñeira ata a rumba e ao merengue, ao Punk, á regueifa e ao hip-hop. Capitaneada por Xurxo Souto, a Banda Xangai é a gran orquestra de baile dos novos tempos.



Colabora  Deputación DA CORUÑA

## Ven 23 | Festival de música e baile tradicional

Praza do Concello | 21.30

Banda Municipal de Gaitas, Grupos de Música e Baile tradicional da AC Nemeth, Grupos de Música e Baile Tradicional Arume de Verdillo e Grupos de Música e Baile Escola do Alprende de Oza

O Festival de Música e Baile Tradicional pecha un ano máis a programación do Verán Cultural, grazas á participación das agrupacións musicais de Carballo, que amosarán o folclore tradicional galego a través do baile, música e vestuario do noso patrimonio etnográfico.



## + INFO



Cultura Carballo  
[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)



No caso de predición de choiva, as actuacións previstas na Praza do Concello poderán trasladarse ao Pazo da Cultura ou á Praza de Abastos e a entrada será libre, limitada ao aforo do auditorio do Pazo ou da Praza. Informarse coa máxima antelación posible.



CONCELLARÍA  
DE CULTURA

XUNTA  
DE GALICIA

Xacobeo



Fundación  
Luis Calvo Sanz



# VERÁN CULTURAL



CARBALLO  
2024

## Do 11 ao 14 | Plic! Praza dos libros

Xardín Municipal | Todo o día

### Feira da creatividade cultural

Este ano volvedes ter unha cita obrigada: a PLIC! Esperámosvos! Durante catro días podedes desfrutar de actividades lúdicas, participativas e formativas, presentacións e sinaturas de libros por parte de autoras e autores da comarca e do país, actuacións musicais, animación, representacións, contacontos, obradoiros... etc. Con cada compra teredes un 10% de desconto e posibilidade de agasallos. Non tendes escusa! Vémonos na PLIC!

\* Véxase o programa específico desta feira



Organiza: Concellaría de Bibliotecas | Colabora: **Fundación Luis Calvo Sanz**

## Ven 19 | Fillas de Cassandra

Praza do Concello | 22.30

### Últimas Dionisiacas

Unhas das revelacións do panorama musical en Galicia, Fillas de Cassandra, presentará o seu último traballo *Últimas Dionisiacas*. Unha potente aposta por letras directas e emotivas e a mestura entre a música tradicional, o pop e o tecno que fan que conecten co público de maneira inmediata.



Colabora **Deputación DA CORUÑA**

## Ven 12 | Guadi Galego

Praza do Concello | 22.30

### Síntese horizonte

Regresa a Carballo unha das artistas máis consolidadas da escena musical galega actual, Guadi Galego, que acaba de recibir polo seu traballo o Premio Martín Códax na categoría de Mellor canción de autora do ano 2024. Presentará o seu novo espectáculo *Síntese Horizonte*, que conta cun potente directo, acompañado dun magnífica banda, sendo unha das xiras máis esperadas polo público pola súa calidade artística.



Colaboran: **Deputación DA CORUÑA** Patrocina: **Fundación Luis Calvo Sanz**

## Ven 26 | MUU!! | \* EN FAMILIA

Praza do Concello 20.30

### Crunch 2

Máis que nunca é tempo de superheroes. Novos inimigos, novas aventuras, novos desafíos. Os dous superheroes máis queridos do circo, nunha nova viaxe temporal aos seus comezos. Un espectáculo familiar cheo de malabares, caídas, golpes, corda floxa, risas e equilibrios imposibles.



Colabora **Deputación DA CORUÑA**

## FESTAS DE VERÁN EN CARBALLO



### Xullo

- 5 O Sacramento ARDAÑA
- 10 e 11 O Socorro e Santo Antón A BREA
- 10 e 11 San Cristovo LEMA
- 16 Nosa Señora do Carme - A Piña SOFÁN
- 16 O Carme ENTRECRUCES
- 21 O Carme SÍSAMO
- 22 Santa María Magdalena ALDEMUNDE
- 25, 26 e 27 Santiago Apóstolo SÍSAMO

### Agosto

- 3 e 4 San Cristovo CARBALLO
- 4 O Carme NOICELA
- 4 e 5 O Perpetuo Socorro ARTES
- 6, 7 e 8 San Salvador SOFÁN
- 9 Santa Fátima - Paradela SOFÁN
- 10 Santo Antón - Prearada SOFÁN
- 10, 11 e 12 San Lourenzo VERDILLO
- 13 e 14 Santa Irene LEMA

- 14, 15 e 16 Santa María BÉRTOA
- 15 Santa María ARDAÑA
- 15 Santa María RUS
- 17 O Sacramento RUS
- 25, 26 e 27 San Xínés ENTRECRUCES
- 30 Santa Lourdes XOANE
- 30, 31 e 1 set A Milagrosa CARBALLO
- 31 San Ramón NOICELA

### Setembro

- 1 San Ramón XOANE
- 7 e 8 Os Milagres San Sadurniño RUS
- 8 Os Milagres ARTES
- 16 Santa Eufemia BÉRTOA
- 21 Santa Eufemia RUS
- 22 San Mateo RUS
- 28 San Miguel VILELA
- 29 O Sacramento VILELA

## NOITES DE CINE



### Xullo

**Canta 2!**  
Mércores 10 | 22.30  
PRAZA DE SAN CRISTOVO  
110'/ Todos os públicos

**Viaje al paraíso**  
Mércores 17 | 22.30  
RAZO (Praia)  
104'/ Todos os públicos

**Vaya vacaciones**  
Mércores 24 | 22.30  
CANCES (Campo da Capela)  
90'/ Recomendada +7  
AC San Campio-Cances

**Los tipos malos**  
Mércores 31 | 22.30  
SÍSAMO  
100'/ Todos os públicos  
AAVV S. Apóstolo de Sísamo

### Agosto

**Barbie**  
Mércores 7 | 22.00  
PRAZA DO CHORÍS  
114'/ Todos os públicos

**Una familia de superhéroes**  
Mércores 14 | 22.00  
BALDAIO (Pedra do Sal)  
76'/ Todos os públicos  
AC Castro de Lema

**Matria**  
Venres 16 | 22.00  
XARDÍN MUNICIPAL  
99'/ Recomendada +12 anos

**A todo tren 2**  
Mércores 21 | 22.00  
SOFÁN-PRAZA  
85'/ Todos os públicos  
A. Mulleres Rurais San Salvador-Sofán

**Campeonex**  
Xoves 29 | 22.00  
PRAZA DA MILAGROSA  
124'/ Todos os públicos  
ACD Milagrosa

## E ADEMAIS...

### 6 de xullo XIX ROMARÍA GALEGA

A Imende-Noicela, 18.00 h  
Organiza: ADCR Baldaio  
Colabora: Concello de Carballo

### 16 e 17 de xullo XVII CURSO DE VERÁN SOBRE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Pazo da Cultura, mañá e tarde  
Organiza: Universidade da Coruña  
Colabora: Concello de Carballo

### Ata o 31 de xullo MONTANACOS VOL.2

Exposición colectiva  
Pazo da Cultura, de 17 a 21.00 h

### 3 de agosto XXVI FESTA DO MEXILLÓN

Santa Irene, 18.00 h  
Organiza: AC O Castro de Lema  
Colabora: Concello de Carballo

### 17 de agosto XXIV FESTA DO BERBERECHO

A Imende-Noicela, 13.00 h  
Organiza: ADCR Baldaio  
Colabora: Concello de Carballo

### 31 de agosto XX FESTA DO PICHORRO

Escola unitaria, 20.00 h  
Organiza: AC San Campio de Cances.  
Colabora: Concello de Carballo